

MANIFESTO PARA A XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

Nesta Xornada Mundial polo Traballo Decente, as organizacións de Igrexa Cáritas, CONFER, HOAC, Xustiza e Paz, Mocidade Estudante Católica e Mocidade Obreira Cristiá, renovamos o noso compromiso de seguir construíndo e esixindo unha sociedade que defende o traballo decente.

E por que?

Porque:

- O Traballo Decente é a expresión da dignidade esencial dos homes e das mulleres.
- Un Traballo Decente asocia aos traballadores e ás traballadoras ao desenvolvemento da súa comunidade.
- O Traballo Decente evita a discriminación, respectando a todos e todas.
- Un Traballo Decente xera ingresos xustos.
- O Traballo Decente é seguridade no lugar de traballo, permite satisfacer as necesidades das familias e asegura a súa protección social.
- Un Traballo Decente defende a libre organización de traballadores/as para facer oír a súa voz.
- O Traballo Decente deixa espazo para reencontrarse coas propias raíces no ámbito persoal, familiar e espiritual.
- Un Traballo Decente permite o desenvolvemento persoal e a integración social
- O Traballo Decente asegura unha condición digna a quen chegan á xubilación.

Por todo isto, o Traballo Decente debe estar na axenda política, nas axendas das entidades sociais e empresariais, nas nosas axendas persoais... e tamén nas propostas da nosa Igrexa.

Hoxe reafirmamos o noso compromiso na defensa do Traballo Decente e queremos animar aos responsables no Goberno, aos Sindicatos, organizacións sociais, organizacións empresariais e veciños e veciñas dos nosos barrios a colaborar para:

- Poñer no centro á persoa, rompendo a actual lóxica de pensar e organizar o traballo desde o económico e os intereses duns poucos.
- Suscitar o sentido e o valor do traballo máis aló do emprego: Distribuír de xeito xusto e digno o emprego e recoñecer socialmente todos os traballos de coidados, necesarios para o desenvolvemento da vida.
- Loitar por condicións dignas de emprego: Sen a loita pola afirmación dos dereitos das persoas no emprego non é posible humanizar o traballo.
- Articular de forma humanizadora o traballo e o descanso.
- Loitar para que o acceso a dereitos humanos como sanidade, vivenda, educación, etc. non estea condicionado a ter un emprego.

Toda sociedade está chamada a visibilizar e denunciar, a través de todos os medios ao alcance, a situación de desigualdade no acceso ao traballo decente e a negación de dignidade que isto supón. Todos e todas podemos facer algo desde as nosas organizacións e lugares de compromiso.

7 de outubro de 2016

